

Programación de TIC

2019-2020

IES As Bizocas

César López Garrido
(Xefe Departamento de Tecnoloxía)

Índice

1. Introducción e contextualización	páxina 3
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave <ul style="list-style-type: none">• Perfil de competencias TIC4ºESO	páxina 3
3. Concreción dos obxectivos para cada curso (En principio non imos desenvolver este punto xa que o propio currículo oficial recolle para cada EA cal é o obxectivo de etapa co que está vinculado)	
4. Temporalización, grao mínimo e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe.	páxina 5
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia.	páxina 10
6. Materiais e recursos didácticos.	páxina 10
7. Criterios de cualificación e promoción do alumnado.	páxina 11
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	páxina 12
11. Avaliación inicial.	páxina 14
12. Medidas de atención á diversidade.	páxina 17
13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso.	páxina 17
14. Actividades complementarias e extraescolares programadas para o curso.	páxina 18
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	páxina 18
ANEXO: Rúbricas empregadas na avaliación de competencias	páxina 20

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

NIVEL	4º ESO	ÁREA	Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)
--------------	--------	-------------	----------------------------------------------------

A comunidade escolar do IES As Bizocas está formada por aproximadamente 180 alumnas/os que na súa maioría proceden de O Grove, e o resto de San Vicente.

No caso concreto da materia de TIC os alumnos cursan esta asignatura por primeira vez xa que se trata dunha materia optativa de 4º ESO. Neste curso académico formáronse dous grupos de 20 e 8 alumnos respectivamente.

2. PERFIL COMPETENCIAL DE TIC

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Tecnoloxías da información e comunicación (TIC)
--------------	---------------------------	-------------	-------------------------------------------------

Estándares de aprendizaxe	Tipo	Competencia Clave
4º-TICB1.1.1 - Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	Transversal	CAA
4º-TICB1.1.2 - Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	Transversal	CCL_EE
4º-TICB1.2.1 - Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	Transversal	CCL_EO
4º-TICB1.3.1 - Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	Transversal	CAA
4º-TICB1.3.2 - Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	Transversal	CAA
4º-TICB2.1.1 - Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	Específico Área	
4º-TICB2.1.2 - Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	Específico Área	
4º-TICB2.2.1 - Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	Específico Área	
4º-TICB2.3.1 - Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	Específico Área	
4º-TICB2.4.1 - Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	Específico Área	
4º-TICB2.5.1 - Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	Transversal	CAA
4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas,	Específico Área	

gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.		
4º-TICB3.1.2 - Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	Específico Área	
4º-TICB3.1.3 - Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	Específico Área	
4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	Específico Área	CD
4º-TICB3.2.2 - Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	Específico Área	
4º-TICB4.1.1 - Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	Específico Área	
4º-TICB4.1.2 - Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	Transversal	CAA
4º-TICB4.1.3 - Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	Transversal	CCL_EO CCL_EE
4º-TICB5.1.1 - Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	Específico Área	
4º-TICB5.2.1 - Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	Específico Área	
4º-TICB5.2.2 - Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	Específico Área	
4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	Transversal	CAA
4º-TICB6.1.1 - Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	Específico Área	
4º-TICB6.1.2 - Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	Específico Área	
4º-TICB6.1.3 - Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	Específico Área	
4º-TICB6.2.1 - Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	Específico Área	
4º-TICB6.3.1 - Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	Específico Área	

As **RÚBRICAS** empregadas para avaliar este perfil de competencias aparecen recollidas nun **ANEXO** ao final da programación. Ademais no punto 4 da mesma se especifica para cada estándar do perfil cal é o grao mínimo da rúbrica que o alumnado precisa acadar para superar a materia.

4. TEMPORALIZACIÓN, MÍNIMOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Tecnoloxías da información e comunicación (TIC)
-------	---------------------------	------	-------------------------------------------------

Estándares de aprendizaxe	Tipo	Grao mínimo	Temporalización	Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación
BLOQUE 1: ÉTICA E ESTÉTICA NA REDE				
4º-TICB1.1.1 - Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	Transversal	<i>Acada un 6 na Rúbrica de Aprender a aprender.</i>	1º Trimestre	RÚBRICA DE CAA
4º-TICB1.1.2 - Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	Transversal	<i>Acada un 6 na Rúbrica de Expresión escrita.</i>	1º Trimestre	RÚBRICA DE CCL_EE
4º-TICB1.2.1 - Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	Transversal	<i>Acada un 6 na Rúbrica de Expresión Oral.</i>	1º Trimestre	RÚBRICA DE CCL_EO
4º-TICB1.3.1 - Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	Transversal	<i>Acada un 6 na Rúbrica de Aprender a aprender.</i>	1º Trimestre	RÚBRICA DE CAA
4º-TICB1.3.2 - Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	Transversal	<i>Acada un 6 na Rúbrica de Aprender a aprender.</i>	1º Trimestre	RÚBRICA DE CAA
BLOQUE 2: COMPUTADORES, SISTEMAS OPERATIVOS E REDES				
4º-TICB2.1.1 - Realiza operacións	Específico	Crea e organiza carpetas para gardar a	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do

básicas de organización e almacenamento da información.	Área	información ordeadamente nelas.		alumno. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación.
4º-TICB2.1.2 - Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	Específico Área	Configura elementos básicos do sistema operativo linux.	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación.
4º-TICB2.2.1 - Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	Específico Área	Instala programas a partires do repositorio de Ubuntu.	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación.
4º-TICB2.3.1 - Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	Específico Área	Administra o equipamento con responsabilidade	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación.
4º-TICB2.4.1 - Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	Específico Área	Coñece os compoñentes físicos dun computador.	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Cuestionario INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.
4º-TICB2.5.1 - Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	Transversal	Acada un 6 na Rúbrica de Aprender a aprender.	1º Trimestre	RÚBRICA DE CAA
BLOQUE 3: OFIMÁTICA E MULTIMEDIA				
4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	Específico Área	Manexa cunha certa soltura un editor de texto	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación en Libre Office Writer
4º-TICB3.1.2 - Produce informes que requiren o emprego de follas de	Específico Área	Manexa cunha certa soltura unha folla de cálculo	1º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno.

cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.				INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación en Libre Office Calc.
4º-TICB3.1.3 - Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	Específico Área	Manexa cunha certa soltura unha base de datos	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación en Libre Office Base.
4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	Específico Área	Manexa cunha certa soltura un programa de presentacións	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación en Libre Office Impress.
4º-TICB3.2.2 - Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	Específico Área	Realiza edicións sinxelas de imaxes e de vídeo	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Produccions dixitais.
BLOQUE 4: SEGURIDADE INFORMÁTICA				
4º-TICB4.1.1 - Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	Específico Área	Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	2º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación.
4º-TICB4.1.2 - Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	Transversal	Acada un 6 na Rúbrica de Aprender a aprender.	2º Trimestre	RÚBRICA DE CAA
4º-TICB4.1.3 - Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	Transversal	Acada un 6 nas Rúbricas de CCL.	2º Trimestre	RÚBRICA DE CCL_EO RÚBRICA DE CCL_EE

BLOQUE 5: PUBLICACIÓN DE CONTIDOS NA WEB				
4º-TICB5.1.1 - Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	Específico Área	Realiza actividades que requiren compartir recursos en rede	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación.
4º-TICB5.2.1 - Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	Específico Área	Coñece en qué consiste unha páxina web.	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Produccions dixitais.
4º-TICB5.2.2 - Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	Específico Área	Elabora deseños de páxinas web que inclúan texto, imaxes, enlaces e material multimedia.	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Produccions dixitais.
4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	Transversal	Acada un 6 na Rúbrica de Aprender a aprender.	3º Trimestre	RÚBRICA DE CAA
BLOQUE 6: INTERNET, REDES SOCIÁIS E HIPERCONEXIÓN				
4º-TICB6.1.1 - Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	Específico Área	Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación.
4º-TICB6.1.2 - Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	Específico Área	Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación.
4º-TICB6.1.3 - Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	Específico Área	Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do alumno. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación.
4º-TICB6.2.1 - Participa activamente	Específico	Participa en redes sociais con criterios	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das produccions do

en redes sociais con criterios de seguridade.	Área	de seguridade.		alumno. INSTRUMENTOS: Tralaballo de aplicación.
4º-TICB6.3.1 - Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	Específico Área	Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	3º Trimestre	PROCEDEMENTOS: Análise das producións do alumno. INSTRUMENTOS: Tralaballo de aplicación.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Tecnoloxías da información e comunicación (TIC)
-------	---------------------------	------	-------------------------------------------------

A metodoloxía é o conxunto de criterios e decisións que organizan, de forma global, a acción didáctica na aula. Dentro do proceso de ensino/aprendizaxe podemos distinguir dous axentes fundamentais, o profesor/a e o alumno/a. Cada un deles desenvolve un papel diferente que a continuación imos describir.

O papel do alumno/a: O alumno constrúe o seu propio coñecemento, por iso, as actividades que se programen deben de conectar co seu interese e estar relacionadas coa solución creativa de problemas prácticos ou aspectos mellorables da súa futura contorna de traballo, que poidan ser resoltos polo propio alumno instalando, manipulando ou modificando procedementos de administración de sistemas informáticos.

O papel do profesor/a: O profesor é un axente mediador no proceso de ensino aprendizaxe, sendo a súa misión conducir devandito proceso, debendo situar aos alumno/as na necesidade de adquirir coñecementos.

O profesor debe utilizar unha metodoloxía participativa, que implique un determinado tipo de actividades, a organización de contidos deben realizarse de forma metódica, sopesando o grao de dificultade para que a solución estea ao alcance do nivel de desenvolvemento e a capacidade para cada grupo concreto de alumno/as. Como podemos deducir de todo isto imos utilizar unha metodoloxía activa, participativa, e creativa.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Tecnoloxías da información e comunicación (TIC)
-------	---------------------------	------	-------------------------------------------------

En canto aos materiais específicos necesarios para o desenvolvemento da materia serían os seguintes:


- Recursos informáticos de diversos tipos:
 - **Software:** LibreOffice (Calc, Base, Impress, Writer), Gimp, Kdenlive, Kompozer.
 - **Recursos interactivos** dispoñibles en internet (Por exemplo o Espazo Abalar)
 - **Videos** de carácter divulgativo.
 - **Presentacións** dispoñibles en internet
- **Aula de Informática:** Para acceder aos programas informáticos e aos recursos educativos dispoñibles en internet recurriremos a un aula de informática que conta con 18 equipos con sistema operativo linux instalado (configuración xubuntu).

- O intercambio de arquivos entre profesor e alumnado farase a través de unha plataforma interactiva chamada **Edmodo** na que se aportará información, se solicitarán tarefas e na que o alumnado adxuntará as respostas correspondentes a ditas tarefas.

7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)
-------	---------------------------	------	----------------------------------------------------

PERFIL DE TIC 4º ESO



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN TIC 4º ESO

Grupo de EA	Instrumentos de Avaliación	Criterios de Cualificación
Específicos da materia (CD)	Traballos de aplicación e síntese Produccións dixitáis Cuestionarios	Promedio EA Específicos x 0,50
CCL	Rúbrica TIC_R1_CCL_EO	Promedio(1) Rúbricas x 0,15
	Rúbrica TIC_R2_CCL_EE	
	Rúbrica TIC_R3_CCL_CO	
CAA	Rúbrica TIC_R5_CAA	Promedio(1) Rúbrica x 0,30
CSC_TG	Rúbrica TIC_R6_CSC_TG	Promedio(1) Rúbrica x 0,05
Calificación final		Suma: máximo 10

(1) Será a media obtida a partir dos resultados de pasar a rúbrica ao alumno durante o trimestre.

* Estos criterios serán válidos para cada unha das tres avaliacións. A nota final será a media das tres avaliacións.

* Se nalgún trimestre non fose posible a avaliación mediante rúbrica dalgunha das competencias citadas se incrementaría nese valor a porcentaxe (%) do peso dos EA específicos.

* No cálculo do promedio dos EA específicos teránse en conta os estándares impartidos e non os programados.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Tecnoloxías da información e comunicación (TIC)
--------------	---------------------------	-------------	-------------------------------------------------

O departamento establecerá indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a propia práctica docente. O aspecto básico será avaliar a planificación temporal prevista da programación e a real. Para elo podemos deseñar a seguinte táboa:

Estándares de aprendizaxe	Temporalización prevista	Temporalización real
4º-TICB1.1.1 - Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	1º Trimestre	
4º-TICB1.1.2 - Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	1º Trimestre	
4º-TICB1.2.1 - Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	1º Trimestre	
4º-TICB1.3.1 - Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	1º Trimestre	
4º-TICB1.3.2 - Diferencia o concepto de materiais suxeitos a dereitos de autoría e materiais de libre distribución.	1º Trimestre	
4º-TICB2.1.1 - Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.	1º Trimestre	
4º-TICB2.1.2 - Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	1º Trimestre	
4º-TICB2.2.1 - Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	1º Trimestre	
4º-TICB2.3.1 - Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	1º Trimestre	
4º-TICB2.4.1 - Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexións entre eles.	1º Trimestre	
4º-TICB2.5.1 - Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	1º Trimestre	

4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	1º Trimestre	
4º-TICB3.1.2 - Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	1º Trimestre	
4º-TICB3.1.3 - Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	2º Trimestre	
4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.	2º Trimestre	
4º-TICB3.2.2 - Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	2º Trimestre	
4º-TICB4.1.1 - Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de información entre eles.	2º Trimestre	
4º-TICB4.1.2 - Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	2º Trimestre	
4º-TICB4.1.3 - Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus e de devasas para garantir a seguridade.	2º Trimestre	
4º-TICB5.1.1 - Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	3º Trimestre	
4º-TICB5.2.1 - Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	3º Trimestre	
4º-TICB5.2.2 - Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	3º Trimestre	
4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	3º Trimestre	
4º-TICB6.1.1 - Elabora materiais para a web que permiten a accesibilidade á información multiplataforma.	3º Trimestre	
4º-TICB6.1.2 - Realiza intercambio de información en distintas plataformas nas que está rexistrado/a e que ofrecen servizos de formación, lecer, etc.	3º Trimestre	
4º-TICB6.1.3 - Sincroniza a información entre un dispositivo móbil e outro dispositivo.	3º Trimestre	
4º-TICB6.2.1 - Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	3º Trimestre	
4º-TICB6.3.1 - Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.	3º Trimestre	

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)
-------	---------------------------	------	----------------------------------------------------

Como xa comentamos ao inicio da programación, esta materia resulta nova para o alumnado aínda que non de xeito total xa que a materia de Tecnoloxía tanto en 2º como en 3º ESO presenta un bloque de estándares teferidos a tecnoloxías da información e da comunicación.

En base ao anterior diséñase unha proba inicial que consta das seguintes preguntas:

La CPU es:

- Un periférico central.
- La unidad central de proceso.
- Las dos opciones anteriores son correctas.
- Ninguna de las opciones anteriores son correctas.

La RAM es:

- La memoria de acceso aleatorio.
- Es la memoria BIOS.
- Un tipo de memoria que sirve para almacenar datos de forma permanente.
- Ninguna de las opciones anteriores son correctas.

Un disco duro es:

- Un dispositivo de almacenamiento de datos que ya no se utiliza.
- Un programa muy útil de un ordenador.
- Las dos opciones anteriores son correctas.
- Ninguna de las opciones anteriores es correcta.

Señala de la siguiente relación los periféricos que sean de entrada:

- Teclado.
- Pantalla.
- Escáner.
- Impresora.
- Ratón.
- Webcam.
- Altavoces.
- Micrófono.

Señala de la siguiente relación los periféricos que sean de salida:

- Teclado.
- Pantalla.

- Escáner.
- Impresora.
- Ratón.
- Webcam.
- Altavoces.
- Micrófono.

La unidad de información Megabyte equivale a:

- 1000 Kilobytes.
- 1024 Gigabytes.
- 1024 Kilobytes.
- 1024 Terabytes.

Señala la definición correcta de hardware:

- Es un programa que se ejecuta en el ordenador.
- Es un componente físico del ordenador.
- Las dos opciones son correctas.
- Ninguna de las opciones anteriores es correcta.

Señala la definición correcta de software:

- Es un programa que se ejecuta en el ordenador.
- Es un componente físico del ordenador.
- Las dos opciones son correctas.
- Ninguna de las opciones anteriores es correcta.

Un bus es:

- Un tipo de memoria.
- Un canal por el que se transmite la información.
- Un programa informático.
- Ninguna de las opciones anteriores es correcta.

Señala qué puerto de la siguiente lista transmite más rápido la información:

- Paralelo.
- Serie.
- USB.
- PS/2.

Indica cuál de las siguientes unidades expresan capacidad de memoria:

- MHz.
- MB.
- MBytes/s.

- Todas las respuestas anteriores son correctas.
- Ninguna de las opciones anteriores es correcta.

Indica cuál de las siguientes unidades expresan velocidad del reloj:

- MHz.
- MB.
- MBytes/s.
- Todas las respuestas anteriores son correctas.
- Ninguna de las opciones anteriores es correcta.

Indica cuál de las siguientes unidades expresan velocidad de transmisión:

- MHz.
- MB.
- MBytes/s.
- Todas las respuestas anteriores son correctas.
- Ninguna de las opciones anteriores es correcta.

Un procesador de textos está especialmente diseñado para:

- Elaborar documentos escritos.
- Elaborar presentaciones de diapositivas.
- Realizar cálculos complejos.
- Trabajar con información relacionada.
- Todas las respuestas anteriores son correctas.
- Ninguna respuesta es correcta

Una hoja de cálculo está especialmente diseñada para:

- Elaborar documentos escritos.
- Elaborar presentaciones de diapositivas.
- Realizar cálculos complejos.
- Trabajar con información relacionada.
- Todas las respuestas anteriores son correctas.
- Ninguna respuesta es correcta

Un programa para el tratamiento de bases de datos está especialmente diseñado para:

- Elaborar documentos escritos.
- Elaborar presentaciones de diapositivas.
- Realizar cálculos complejos.
- Trabajar con información relacionada.
- Todas las respuestas anteriores son correctas.
- Ninguna respuesta es correcta

Un programa de presentaciones digitales está especialmente diseñado para:

- Elaborar documentos escritos.
- Elaborar presentaciones de diapositivas.
- Realizar cálculos complejos.
- Trabajar con información relacionada.
- Todas las respuestas anteriores son correctas.
- Ninguna respuesta es correcta

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)
-------	---------------------------	------	----------------------------------------------------

Neste sentido a clave estará no deseño das actividades que se leven a cabo na aula. Será preciso realizar actividades de ampliación e reforzo para promover a atención á diversidade entre todo tipo de alumnos. Nos momentos nos que corresponda traballar ós alumnos individualmente, tratarase de motivar os que fan rápido e sen dificultade o exercicio, propóndolles actividades dunha dificultade que os motive, e por outra parte motivando cunha pequena axuda os que se quedan bloqueados ante a dificultade. En ocasións pode ser preciso simultanear actividades de diferente tipo según as características do alumnado.

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSÁIS DO CURSO.

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)
-------	---------------------------	------	----------------------------------------------------

O elemento transversal que se vai a traballar neste nivel durante o curso foi discutido a nivel de Comisión de Coordinación Pedagóxica e aprobado posteriormente en Claustro. Trátase dunha actividade que teña que ver co Día da Muller dende a perspectiva neste caso da Tecnoloxía.

A actividade consistirá nunha investigación por parte do alumnado da importancia da aportación das mulleres no desenvolvemento tecnolóxico ao longo da historia e especialmente a partires do século XX.

A actividade levarase a cabo en grupos de tres ou catro alumnos que farán a súa investigación empregando o seu equipamento informático Abalar no caso de 2º ESO, ou os equipos das aulas de informática en 3º ESO. Tamén se recurrirá aos fondos da Biblioteca do centro para completar a investigación.

O formato final do traballo de cada grupo poderá ser unha presentación de diapositivas, un video, ou calquera outra de tipo multimedia dixital. En calquera caso o resultado final debe ser visible para poder levar a cabo unha exposición conxunta cos traballos dos demais departamentos.

Os EA implicados na realización desta tarefa son os seguintes:

Estándares de aprendizaxe
4º-TICB1.1.1 - Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.
4º-TICB1.3.1 - Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.
4º-TICB2.1.1 - Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.
4º-TICB3.1.1 - Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.
4º-TICB3.2.1 - Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido.
4º-TICB3.2.2 - Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.
4º-TICB4.1.2 - Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.
4º-TICB5.3.1 - Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

No momento de elaborar esta programación non temos actividades complementarias e extraescolares concretadas. No momento no que se concrete algunha actividade extraescolar enviarase a inspección como unha modificación da programación.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

NIVEL	4º SECUNDARIA OBLIGATORIA	ÁREA	Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

A diferenza do punto 8 da programación, no que se consideraba o proceso de mellora da práctica docente, neste caso levaremos a cabo unha revisión en función dos resultados académicos acadados polo noso alumnado. Unha vez coñecidos eses resultados, debemos analizar as súas causas e finalmente propoñer medidas de mellora.

Para tentar atopar posibles explicacións aos resultados finais acadados polo alumnado elaboraremos a seguinte rúbrica:

Indicadores de logro	3	2	1	0
O proceso de ensino desta materia foi ben entendido polo alumnado.				
Adecuación das actividades ó nivel de coñecementos dos alumnos e ós seus intereses				
Participación activa dos alumnos nas clases.				
Clima de aula axeitado no que o alumnado se atopa cómodo coa materia, o profesor e os compañeiros/as.				
Coordinación con con materias afíns a TIC (Tecnoloxía, Bioloxía e Xeoloxía, Matemáticas, Física e Química), de xeito que certos aprendizaxes se puideron realizar de xeito interdisciplinar.				
Implicación das familias na aprendizaxe dos alumnos.				
Acadouse con éxito o tratamento dos temas transversais.				
Acadouse o éxito esperado coas medidas de atención á diversidade (se as houbo que tomar).				
Fomentouse debidamente o tratamento das TIC conseguindo que os alumnos se motivaran e relacionaran a materia coas novas tecnoloxías				
Acadouse con éxito o fomento da lectura dende a materia de TIC.				
Coordinación entre esta materia e a equipa directiva do centro de cara a organización de actividades que puideran repercutir no funcionamento do centro (excursións, proxectos,...).				

0: Non se cumpriu o previsto.

1: cumprimento básico das previsións.

2: alto grao de cumprimento das previsións.

3: cumprimento total das previsións.

RÚBRICA EXPRESIÓN ORAL (TIC_R1_CCL_EO)

ASPECTOS	3	2	1	0
Adecuación e distribución de contidos	Expón as ideas principais de xeito coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.	Expón as ideas principais de xeito bastante coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.	Expón gran parte das ideas principais con bastante orde e aporta algúns detalles do tema	Non expón a maioría das ideas principais nin os detalles.
Vocabulario	Utiliza un vocabulario amplo e axeitado	Utiliza un vocabulario bastante amplo e axeitado, con poucos erros.	Utiliza un vocabulario limitado e hai algúns erros de termos axeitados.	Utiliza un vocabulario moi limitado con repeticións palabras inadecuadas.
Cohesión gramatical	Oracións correctamente construídas e enlazadas.	Algunha oración incompleta ou sen enlazar.	Bastantes oracións incompletas ou sen enlazar.	Non conclúe nin enlaza as oracións.
Voz e linguaxe non verbal	Fala con voz claramente audible, con boa pronuncia e entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal axeitada (xestos, mirada).	Fala con voz audible, non sempre con boa pronuncia e entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal bastante axeitada (xestos, mirada).	Fala con voz audible, mais con erros na pronuncia e na entoación . Mantén unha expresión corporal ás veces pouco axeitada (xestos, mirada).	Fala con moi pouca claridade. A expresión corporal resulta inadecuada.

RÚBRICA EXPRESIÓN ESCRITA (TIC_R2_CCL_EE)				
ASPECTOS	3	2	1	0
Coherencia	Estrutura textual con continuidade temática (introdución, desenvolvemento e conclusión) e información progresiva. Correcta organización en parágrafos.	Existe un erro puntual na estrutura textual ou na progresión da información ou na correcta organización en parágrafos	Existe un erro puntual na estrutura textual e outro na progresión da información.	Estrutura textual sen continuidade temática (introdución, desenvolvemento e conclusión) e información desorganizada.
Cohesión	Información ben enlazada tanto por conectores gramaticais como léxicos. Uso correcto dos signos de puntuación.	Existen un máximo de catro erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marcadores do discurso, pronomes, conxuncións, ...) e nos signos de puntuación.	Existen un máximo de oito erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marcadores do discurso, pronomes, conxuncións, ...) e nos signos de puntuación.	Existen máis de oito erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marcadores do discurso, pronomes, conxuncións, ...) e nos signos de puntuación.
Presentación	O texto preséntase perfectamente limpo e ordeado.	O texto preséntase limpo e ordenado en termos xerais.	O texto preséntase limpo pero pouco ordenado.	O texto preséntase desordenado e con tachóns.
Terminoloxía	Emprégase a terminoloxía adecuada en tódolos casos nos que é preciso facilitando así a comprensión e a lectura do texto.	Emprégase a terminoloxía adecuada na maior parte das ocasións que así o requiren.	Emprégase a terminoloxía adecuada en ocasións pero non de xeito xeral.	Non se utiliza a terminoloxía nin a notación adecuada.

RÚBRICA DE COMPRENSIÓN ORAL (TIC_R3_CCL_CO)				
ASPECTOS	3	2	1	0
Atención	Presta atención constantemente durante a explicación ou audición.	Normalmente presta a atención e non se distrae durante a explicación ou audición.	Distráese ocasionalmente.	Distráese constantemente durante calquera explicación ou audición.
Comprensión	Recoñece a idea xeral e os datos máis relevantes nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais e as secundarias.	Recoñece a idea xeral pero falta algún dato relevante nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais e as secundarias.	Recoñece a idea xeral pero faltan bastantes datos relevantes nunha explicación ou texto oral. Distingue as ideas principais e algunhas secundarias.	Non recoñece sen axuda a idea xeral. Cústalle recoñecer as ideas principais e secundarias.
Aspectos prosódicos	Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	Case sempre recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	Con frecuencia recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.	Cústalle recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.
Respecto ás normas	Respecta sempre as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento da linguaxe discriminatoria).	Respecta habitualmente as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento da linguaxe discriminatoria).	Soe respectar as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento da linguaxe discriminatoria).	Non respecta as normas de cortesía na comunicación oral (quenda de palabra, respecto polas opinións alleas, rexeitamento da linguaxe discriminatoria).

RÚBRICA DE COMPRENSIÓN ESCRITA (TIC_R4_CCL_CE)				
ASPECTOS	3	2	1	0
Comprensión xeral do texto	Recoñece o tema xeral e a mensaxe do texto. Constrúe enunciados que sintetizan, concretan e precisan o sentido do mesmo.	Recoñece a idea principal dun texto, pero cústalle construír un enunciado que logre sintetizar, concretar ou precisar o sentido do texto.	Recoñece a idea principal do texto e algunhas secundarias, mais deixa outras que poderían completar o sentido xeral do mesmo.	Cústalle distinguir entre ideas importantes e secundarias dun texto.
Vocabulario	Coñece e emprega todo o vocabulario da lectura.	Descoñece poucas palabras pero pregunta polo seu significado e úsaas noutros contextos.	Descoñece algunhas palabras e cústalle empregalas noutros contextos.	Descoñece moitas palabras e non amosa interese por coñecelas.
Tipoloxía textual	Interpreta con moita corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios.	Interpreta con bastante corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios.	Interpreta con suficiente corrección o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios.	Interpreta deficientemente o contido de textos de distinta tipoloxía: novas tecnoloxías, instrucións, medios de comunicación, literarios.
Resumo do texto	O alumno/a é quen de recoller as ideas máis relevantes do texto desbotando as superfluas e evitando os detalles.	O alumno/a recolle as ideas máis relevantes do texto e mestúraas con algunhas superfluas.	O alumno/a resume parte do texto con precisión, mais hai algo de incompreensión	O alumno/a atopa una grande dificultade ao resumir o text

RÚBRICA APRENDER A APRENDER (TIC_R5_CAA)

ASPECTOS	3	2	1	0
Seleccionar a información	Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica e relaciónaa con outros apartados	Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica pero non a relaciona con outros apartados	Discrimina información útil, pero non a traballa criticamente	Copia literalmente a información sen traballar na súa selección.
Esquematizar e organizar	Dálle forma ao esquema, reconece os contidos básicos e organízao e xerarquízo de forma axeitada.	Organiza e xerarquiza con bastante corrección pero omitindo algún dato.	Parte da información non está ben organizada e xerarquizada e omite algún dato.	Ten dificultades para organizar e xerarquizar a información.
Disertar sobre traballos propios e alleos	Medita sobre as repercusións do tema e elabora disertacións ben estruturadas e argumentadas, aportando opinións persoais.	Medita sobre as repercusións do tema e elabora disertacións bastante ben estruturadas e argumentadas, aportando algunhas opinións persoais.	Elabora unha disertación suficientemente estruturada e argumentada, con algunha opinión persoal.	Mostra desinterese polo tema e desenvólveo sen estrutura clara e escasamente argumentado.
Avaliación do traballo propio e alleo	Avalía criticamente o traballo propio e alleo analizando fortalezas e deficiencias do mesmo.	Avalía criticamente o traballo propio e alleo mais ás veces non reconece erros relacionados coa redacción deficiente, pobreza léxica, coherencia, argumentacións...	Avalía o traballo propio e alleo a través de xuízos simples, sen aportar explicacións convincentes.	Non é quen de avaliar o traballo propio nin o alleo.

RÚBRICA TRABAJO EN GRUPO (TIC_R6_CSC_TG)

ASPECTOS	3	2	1	0
Participación construtiva	Participa activamente nas tarefas do grupo e a súa participación ten coma finalidade o éxito global do grupo; ao mesmo tempo consegue que os demais membros participen de forma construtiva.	Adoita participar activamente nas tarefas do grupo e a súa participación ten habitualmente coma finalidade o éxito do grupo; ao mesmo tempo pode conseguir que os demais membros participen de forma construtiva.	Habitualmente participa de forma máis ou menos activa nas tarefas do grupo e a súa participación adoita ter coma finalidade o éxito global do grupo; ao mesmo tempo pode conseguir que os demais membros participen de forma construtiva.	Nunca ou case nunca participa activamente nas tarefas do grupo; tampouco fai que os demais membros participen de forma construtiva.
Colaboración, cooperación e solidariedade	Colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades.	Habitualmente colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e adoita amosar solidariedade con aqueles que atopan dificultades.	Con certa frecuencia colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e ás veces amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades.	Na maioría dos casos non colabora co resto dos membros do grupo, non coopera con eles nas tarefas do traballo e non amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades.
Respecto e tolerancia	Amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.	Adoita amosar respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e na maioría das ocasións intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.	Con frecuencia amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e ás veces intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.	Poucas veces ou nunca amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e non intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.
Compromiso, integridade e tolerancia	Implicase nos obxectivos do grupo de traballo, comparte o seu coñecemento e información co resto dos membros e é honesto e responsable na súa aportación ao grupo.	A maioría das veces implicase nos obxectivos do grupo de traballo, adoita compartir o seu coñecemento e información co resto dos membros e adoita ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo.	Implicase con frecuencia nos obxectivos do grupo de traballo, comparte a seu coñecemento e información co resto dos membros e adoita ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo.	Non acostuma implicarse nos obxectivos do grupo de traballo, nin compartir o seu coñecemento e información co resto dos membros e pode non ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo.